

XUBILACIÓN PARCIAL NO ENSINO CONCERTADO

UGT



Servizos
Públicos
Ensino



UGT-SP sempre contigo



REQUISITOS DE ACCESO:

- Ter **contrato indefinido a tempo completo** (25 horas semanais) en **pagamento delegado**.
- Levar **6 anos ininterrompidos** impartindo clase **no ensino concertado**.
- Estar a un **máximo de 2 anos** para a idade de **xubilación ordinaria**.
- O **profesorado substituto NON** pode acollerse á prestación.

IDADE DE XUBILACIÓN ORDINARIA:

2025	38 anos e 3 meses ou máis	65 anos
	Menos de 38 anos e 3 meses	66 anos e 8 meses
2026	38 anos e 3 meses ou máis	65 anos
	Menos de 38 anos e 3 meses	66 anos e 10 meses
Ano 2027 e seguintes	38 anos e 6 meses ou máis	65 anos
	Menos de 38 anos e 6 meses	67 anos

IDADE DE XUBILACIÓN PARCIAL:

En síntese, para desfrutar da Xubilación Parcial:

- Para o **ano 2026** precisas ter cumpridos os **63 anos** e que falten **2 anos** para que acades unha cotización de **38 anos e 3 meses**.
- * Con **64 anos e 10 meses** podes acceder con **33 anos de cotización**.
- Para o **ano 2027 e seguintes** debes ter cumpridos os **63 anos** e que falten **2 anos** para ter unha cotización de **38 anos e 6 meses**.
- * Con **65 anos**, accedes á prestación con **33 anos cotizados**.

CONTRATO DE REMUDA:

- O centro educativo fará un contrato de remuda que cubra o 72 % da xornada do xubilado parcialmente. Mais esta persoa docente estará **contratada a xornada completa**.
- O remudista pode proceder do **desemprego, ter contrato temporal na empresa ou ser fixo discontinuo** e as persoas da **bolsa de recolocación** do *Acordo de xuño de 2023* terán **preferencia** na contratación.

REDUCCIÓN DA XORNADA:

- Redución de xornada do **72 % (7 horas lectivas semanais)** durante o tempo de desfrute da prestación.

DURACIÓN DA PRESTACIÓN:

- A duración **máxima** da xubilación parcial é de **2 anos**. No cadro, aparece a relación de **acceso á prestación segundo a data na que se cumpran todos os requisitos** para o seu desfrute.

DATA NA QUE SE CUMPRE COS REQUISITOS	INICIO
15/01/2026	01/02/2026
31/03/2026	01/04/2026
31/08/2026	01/09/2026
31/12/2026	01/01/2027
31/03/2027	01/04/2027
31/08/2027	01/09/2027
31/12/2027	01/01/2028
31/03/2028	01/04/2028
31/08/2028	01/09/2028
31/12/2028	01/01/2029
31/03/2029	01/04/2029

- A xubilación parcial **rematará** cando o xubilado parcialmente chegue á **idade ordinaria da súa xubilación**.

No mes de novembro, a UGT-SP e outras OOSS aprobamos o borrador do Acordo da Xubilación Parcial, que regula o acceso á prestación do profesorado en pagamento delegado nos centros concertados de Galicia, en sintonía coa normativa estatal vixente desde abril do 2025. Substitúe o acordo anterior de agosto de 2024, que perdeu vixencia o 1 de abril do 2025 ao entrar a nova normativa estatal. Extinguirase o 31 de agosto de 2029, salvo que cambie a lexislación.

XUBILACIÓN PARCIAL NO ENSINO CONCERTADO

UGT



Servicios
Públicos
Ensino



Decembro 2025

UGT-SP sempre contigo



PROCEDIMIENTO DE SOLICITUDE:

A persoa traballadora interesada en acollerse á prestación da Xubilación Parcial debe **presentar no seu centro:**

- A **solicitud oficial** (Modelo do anexo II).
- O informe de **vida laboral**. Accede directamente ao teu informe a través de código SMS na ligazón: <https://goo.su/XIQYbMZ>
- O documento coa **data prevista de acceso á pensión**. Esta documentación pódese obter no simulador da Seguridade Social.

Unha vez que **o centro reciba a documentación** da persoa solicitante, nos 2 días hábiles seguintes, **enviará a documentación á Consellería por sede electrónica (modelo PR004A)**. No caso de detectar algunha deficiencia na documentación ou falten datos, a unidade xestora do departamento territorial comunicará esta incidencia á titularidade do centro, que terá un prazo de 5 días hábiles para emendala.

Finalmente, o **departamento territorial** confirmará se a persoa interesada reúne os requisitos (nun máximo de 10 días hábiles):

- En **caso afirmativo**, o centro continuará cos últimos trámites na Seguridade Social.
- Do **contrario**, o departamento territorial comunicarlle á persoa solicitante que non reúne os requisitos establecidos neste acordo e que lle dá traslado do expediente á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, a fin de que se dite a correspondente resolución.

PREVISIÓN NOS CENTROS: CENSO

Os **centros docentes elaborarán un censo** (modelo Anexo I do Acordo), no que indicarán a relación de docentes que previsiblemente podan acceder á prestación no 2026 e nos sucesivos anos 2027, 2028 e 2029.

O censo terá efectos informativos e de previsión orzamentaria e deberá **remitirse á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos**. O prazo para entregar o censo en 2025 é de dez días desde a entrada en vigor do Acordo e, do 2026 en diante, o 31 de xaneiro cada ano.